

Normas para a presentación dos traballos fin de grao en versión dixital

O traballo fin de grao (TFG) en versión dixital corresponderase exactamente coa copia entregada en papel.

Soporte e formato

O soporte físico será CD ou DVD. O disco estará identificado con letra de imprenta. Os datos que deben constar tanto no disco como na carátula son: Autor / Título do TFG / Director ou titor / Ano.

Os documentos presentaranse en formato PDF, PDF/A ou outros formatos abertos.

Os arquivos PDF poderán incluír ligazóns de hipertexto e información multimedia.

Os arquivos PDF non estarán protexidos.

O traballo presentarse **nun único arquivo, sempre que non exceda os 100 MB**. Se o tamaño do documento fose maior, poderase partir en varios arquivos de menor tamaño. Empregaranse tantos arquivos como foren necesarios, inserindo en cada un deles a portada.

Identificación

Nome dos arquivos que conteñen o documento principal

Sexa, por exemplo, o TFG defendido en 2016 por Xosé Manuel Pérez López.

Se o documento principal do TFG en formato electrónico constara dun só arquivo, este chamarase:

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016.pdf

En cambio, se o documento principal do TFG en formato electrónico estiver formado por tres arquivos, estes chamaranse:

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_01de3.pdf

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_02de3.pdf

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_03de3.pdf

Non deben utilizarse nin espazos nin acentos nin a ñ no nome dos arquivos, co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.

Poderase engadir algunha aclaración adicional no nome do documento principal cando as características do TFG así o precisen. Por exemplo:

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_Memoria_01de3.pdf

Nome doutros arquivos

No caso de arquivos adicionais fora do documento principal: anexos ou arquivos doutro tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia...) en formatos coñecidos (TIFF, JPG, MPF...) deberase seguir a mesma pauta aínda que haberá que engadir algún dato no nome para distinguilos do documento principal así como a extensión propia do arquivo.

Así, o arquivo dun vídeo en formato MPG (o cuarto dun total de sete) podería chamarse:

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_Video_04de7.mpg

A numeración destes arquivos é correlativa á dos arquivos do documento principal:

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_01de4.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_02de4.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_Anexo_03de4.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_Video_04de4.mpg

Poderanse definir hipervínculos para acceder a estes contidos desde os arquivos PDF que forman o documento principal do traballo fin de grao.

Cando existan varios arquivos adicionais do mesmo tipo (varios vídeos, varios anexos en pdf...) convén agrupalos nun único. No caso de que non sexa posible podería crearse un arquivo comprimido que os agrupe. Por exemplo:

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_01de3

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_Anexos_02de3 *[exemplo de arquivo comprimido que contén tres anexos]:*

Anexo1_Viabilidad
Anexo2_Guion
Anexo3_Orzamento

PerezLopez_XoseManuel_TFG_2016_Videoxogo_03de3